

DNI	Beneficiario	Axuda	Importe
76501591A	Leston Lustres, José María.	Prima global individual.	10.000,00 €
32786873M	Lopez González, Antonio.	Prima global individual.	10.000,00 €
32690230P	López Martínez, Bruno.	Prima a pescadores de idade inferior a 35 anos.	4.808,00 €
35227414Q	Lores Escudero, Mª Victoria.	Axuda á xubilación anticipada.	29.763,29 €
52450246B	Mallo Mariño, Daniel.	Prima global individual.	10.000,00 €
78731271V	Martínez Portela, Manuel.	Prima global individual.	10.000,00 €
X4258262L	Martins Ferreira, Felix Fidalgo.	Prima global individual.	10.000,00 €
76851651A	Millán Otero, Román Ricardo.	Axuda á xubilación anticipada.	25.669,75 €
35259122F	Mora Albor, Ramón.	Prima global individual.	10.000,00 €
33228182J	Mos Sanlés, Juan Manuel.	Prima global individual.	10.000,00 €
32700092A	Painceira Gómez, Víctor.	Prima global individual.	10.000,00 €
32626974W	Painceira Gundín, José Nicolás.	Prima global individual.	10.000,00 €
76512626K	Paris Romero, José Ramón.	Prima global individual.	10.000,00 €
35274293K	Patiño Méndez, Juan.	Axuda á xubilación anticipada.	50.966,59 €
76361137X	Pérez Abelleira, José Ramón.	Prima por reconversión profesional.	50.000,00 €
35297526R	Pérez Comesaña, Manuel.	Prima global individual.	10.000,00 €
35988216R	Perez Fernández, Evaristo.	Prima global individual.	10.000,00 €
33248194S	Pérez Martínez, Juan Manuel.	Prima global individual.	10.000,00 €
76834111N	Pérez Trigo, Victoriano.	Axuda á xubilación anticipada.	23.938,19 €
76505769H	Piñeiro Fernández, José Manuel.	Prima global individual.	10.000,00 €
35237594F	Piquenque Fernández, Elisardo.	Axuda á xubilación anticipada.	28.671,36 €
35298920S	Portela Cabral, Manuel Ángel.	Prima global individual.	10.000,00 €
35275384P	Pousada Moldes, José.	Prima global individual.	10.000,00 €
14910604A	Prendes Ituarte, Honorino.	Prima global individual.	10.000,00 €
32427653E	Quintela Pose, Jesús.	Prima global individual.	10.000,00 €
76313528B	Quintela Rama, José A.	Axuda á xubilación anticipada.	17.264,41 €
35281711X	Rey Fernández, Manuel.	Prima global individual.	10.000,00 €
76867539K	Rial Abal, Antonio.	Prima global individual.	10.000,00 €
35455517M	Rial Abal, Paulo.	Prima global individual.	10.000,00 €
35298227N	Sanjorge Omil, Antonio Benigno.	Prima global individual.	10.000,00 €
52491657E	Santaclara Souto, Rubén Darío.	Prima global individual.	10.000,00 €
32442670C	Sexto Reimúndez, Fernando.	Prima global individual.	10.000,00 €
35307850K	Sobral Perez, José Antonio.	Prima global individual.	10.000,00 €
35275184S	Soliño González, Luis.	Prima global individual.	10.000,00 €
32595617V	Soutullo Rodríguez, Enrique.	Prima global individual.	10.000,00 €
53114678L	Torres Fonseca, Basilio.	Prima global individual.	10.000,00 €
33991559C	Trelles Neira, Victoriano.	Prima global individual.	10.000,00 €
X1148086R	Varela Silva, José Jorge.	Prima global individual.	10.000,00 €
32330618R	Vázquez Fernández, José Luis.	Prima global individual.	10.000,00 €
35289504Y	Vázquez Galiano, Manuel A.	Prima global individual.	10.000,00 €
76313593F	Verdes Lema, Jesús.	Prima global individual.	10.000,00 €
47362505P	Vilela Carlin, Esteban.	Prima global individual.	10.000,00 €
52431411J	Villar Villar, José Carlos.	Prima global individual.	10.000,00 €

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2008.

Carmen Gallego Calvar  
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Corrección de erros.-Orde do 11 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.*

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do venres, 25 de abril de 2008, é necesario efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 7.328, na base décima, punto 1.a) e 1.b), onde di:

«1.a).....na base novena punto 1.....-

1.b).....na base novena punto 2.....».

Debe dicir:

«1.a).....na base novena punto 2.....-

1.b).....na base novena punto 1.....».

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Orde do 15 de maio de 2008 de subvencións aos concellos en materia de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e modificación das bases reguladoras pola Orde do 6 de xuño de 2006.*

A conselleira de Vivenda e Solo aprobou, por Orde do 21 de xuño de 2006, publicada no DOG nº 129, do 5 de xullo de 2006, as bases reguladoras das subvencións en materia de chabolismo, en desenvolvemento do Decreto 266/1989, do 23 de novembro, de desenvolvemento da Lei 5/1989, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 24 de abril de 2007, publicada no DOG nº 96, do 21 de maio de 2007, modificaba os artigos 15 e 13 da Orde do 21 de xuño de 2006 nos aspectos relativos á publicidade dos convenios e subvencións de acordo coa Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da administración pública galega, e ao prazo de resolución que se establecía en seis meses.

Despois dos anos de aplicación da Lei 5/1989 e do Decreto 266/1989, do 23 de novembro, polo que se desenvolve a citada Lei 5/1989, de medidas para

a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, considérase de vital importancia o cumprimento das medidas de inserción social que tanto a Lei 5/1989 como o Decreto 266/1989 recollen no seu articulado. Neste sentido esta orde modifica o artigo 7 da Orde do 21 de xuño de 2006 introducindo a necesidade de que os concellos presenten, no momento da solicitude, un plan de integración social para as familias afectadas.

Esta disposición abre o prazo de presentación das solicitudes, indica o importe máximo das subvencións, e identifica as partidas orzamentarias en que figuran os créditos que amparan esta orde.

A conselleira de Vivenda e Solo actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas en virtude do Decreto 232/2005, do 11 de agosto.

Logo dos informes preceptivos e en uso das referidas autorizacións,

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 7 da Orde do 21 de xuño de 2006, que quedará redactado da seguinte maneira:

1. Os concellos presentarán nas delegacións provinciais da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a solicitude das subvencións para as actuacións previstas no artigo 4º do Decreto 266/1989, do 23 de novembro, xunto cos censos debidamente cubertos, así como a proposta das actuacións que van realizar para facilitar o acceso á vivenda e o plan de integración social dos chabolistas, o saneamento da área de actuación, e un esquema dos recursos que achegarán ambas as dúas administracións.

Artigo 2º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto abrir a convocatoria de subvencións a fondo perdido, en réxime de concorrencia non competitiva, aos concellos en materia de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, establecer o prazo de presentación de solicitudes, indicar o importe máximo das subvencións e identificar as partidas orzamentarias en que figuran os créditos que amparan a convocatoria de subvencións, de acordo coas bases reguladoras establecidas na Orde do 21 de xuño de 2006, publicadas no DOG nº 129, do 5 de xullo de 2006, e modificadas parcialmente pola Orde do 24 de abril de 2007, publicada no DOG nº 96, do 21 de maio de 2007.

As subvencións deste decreto estarán sometidas á normativa reguladora das subvencións públicas e nomeadamente á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás disposicións que a desenvolvan.

Artigo 3º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta disposición e rematará o 30 de xuño de 2008.

As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo anexo a esta orde, acompañado da documentación exixida pola orde de bases do 21 de xuño de 2006, publicada no DOG nº 129, do 5 de xullo de 2006.

Artigo 4º.-*Consignación orzamentaria e importe máximo.*

O importe máximo das subvencións para alugueres será de 170.000 euros, con cargo ao exercicio orzamentario de 2008, 111.200 euros con cargo ao exercicio 2009, 93.600 euros con cargo ao exercicio 2010 e 93.600 euros con cargo ao exercicio 2011.

O importe máximo para as subvencións de fomento da promoción e adquisición da propia vivenda e promoción de vivenda por outros promotores públicos será de 1.850.000 euros con cargo ao exercicio orzamentario de 2008, 1.100.000 euros no exercicio 2009, 1.000.000 euros no exercicio 2010 e 850.000 euros no exercicio 2011.

Estas subvencións instrumentaranse financeiramente a través do crédito que figura consignado no vixente orzamento de gastos da Consellería de Vivenda e Solo para estas finalidades nas aplicacións 17.02.451B.460.0 para subvención de alugueres e na aplicación 17.02.451B.760.0 para as subvencións de fomento da promoción e adquisición da vivenda polo propio chabolista ou polas entidades locais, e promoción de vivenda por outros promotores públicos.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2008.

Teresa Táboas Veleiro  
Conselleira de Vivenda e Solo


**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Dirección xeral de Fomento e Calidade da Vivenda

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS EN MATERIA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI410A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

CONCELLO DE <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

-Censos debidamente cubertos, de acordo co artigo 7.1º da Orde de bases do 21 de xuño de 2006, e o artigo 3.1º do Decreto 266/1989.

-Proposta das actuacións que van realizar para facilitar o acceso á vivenda dos chabolistas e o saneamento da área de actuación, e un esquema dos recursos que achegarán ambas as dúas administracións, de acordo co artigo 7.1º da Orde de bases do 21 de xuño de 2006.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, de acordo co artigo 7.2º da Orde de bases do 21 de xuño de 2006.

**DE ACORDO COA NORMATIVA REGULADORA**
**SOLICITA:**

O correspondente convenio de colaboración, a subvención e os beneficios previstos e,

**DECLARA:**

Que todos os datos que figuran neste impreso e na documentación complementaria achegada son certos e que se cumpren os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, presto expresamente o meu consentimento para que a consellería publique no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro da orde, e inclúa igualmente as referidas a axudas e sancións, que como consecuencia delas puidesen imporse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>-Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo, Decreto 266/1989, do 23 de novembro, Decreto 111/1991, do 4 de abril, Orde de bases do 21 de xuño de 2006, de subvencións aos concellos en materia de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.</i> <i>-Orde do 15 de maio de 2008 de subvencións aos concellos en materia de erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e modificación das bases reguladas pola Orde do 6 de xuño de 2006.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA <input type="text"/> DATA DE EFECTOS <input type="text"/> DATA DE SALIDA <input type="text"/>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE  <i>Lugar e data</i> , de de 20		

 Delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en